



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

06 de setembro de 2007

Nº 19

METEOROLOXÍA

Dende a fin de semana déronse condicións estables con tempo seco e caluroso especialmente polo día, condicións que se prevé continúen durante polo menos os vindeiros 7 días.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

N- maduración dos acios.

O bo tempo reinante na última semán apura o proceso de maduración. O grao alcohólico probable (% Vol) está a aumentar según o esperado pero a acidume mantense en valores aínda altos. As datas de vendima manteñense na previsión de finais de setembro- primeiros de outubro.



Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

O tempo seco dos últimos días frenou a sintomatoloxía de mildeu nas follas xóvenes da gomariza. En algúns acios apreciase o desecamento das vagas e "cachos" debido a pequenos danos de mildeu acaecidos no pau dos acios en períodos anteriores, e que se exteriorizan agora en maior intensidade debido a exigencia nutritiva dos acios e o tempo seco deshidratante das últimas datas.

Aprecianse focos de botrite con pouca significancia.

Entre as pragas hai pequenos focos de ácaros e mosquito verde. A couza do acio nalgunhas parcelas repunta lixeiramente as capturas de 3ª xeración.

Recomendacións da semán

Os últimos tratamentos recomendados en anteriores boletíns serían suficientes para manter o control fitosanitario axeitado dos viñedos ata o momento da vendima.

Os viñedos que tiveron forte sintomatoloxía de mildeu durante a campaña, unha vez finalizada a vendima recomendase aplicar un tratamento a base de cobre a toda a vexetación.

Nestas datas tamén debemos prestar atención nas placas engomadas amarelas do seguimento de cicadelas, típicamente de mosquito verde pero tamén do *Scaphoideus titanus* (vector da virose cuarentenaria Flavescencia dourada); de feito o Servizo Técnico Agrario organizou esta semán a prospección e colocación das trampas de seguimento apuntadas en parcelas pertencentes a viticultores das agrupacións de defensa vexetal nas comarcas de Condado e o Rosal, máis cercanas a Portugal donde se teñen detectado focos do vector.

Placa amarela de seguimento de cicadelas e imaxe do adulto e ninfa de scaphoideus titanus.



De selo caso, si nalgunha explotación se aprecia a presenza do insecto deberase notificar o Servizo Técnico Agrario para adoptar as medidas oportunas.

En xeral non se recomendan máis tratamentos fitosanitarios no viñado, excepto en algún caso puntual, baixo prescripción técnica respetándose lóxicamente sempre o prazo de seguridade.



D. O. de Ourense

En todas as denominacións de calidade acumúlase certo retraso no ciclo produtivo respecto a un ciclo normal. Xa se iniciaron os controis de maduración, obtendo resultados inferiores aos do ano pasado para as mesmas datas. A previsión é de que a vendima comence a finais do mes de setembro.

É moi recomendable eliminar parte da vexetación que está próxima aos acios para facilitar a aireación da planta tendo precaución de non deixar expostos os acios ao sol, fundamentalmente na orientación de posta de sol, nas variedades sensibles como o godello para evitar queimaduras. Deste xeito reduciremos o risco de ataque de botrite ou podremia gris.

Como medida sanitaria preventiva é recomendable eliminar os acios que estén afectados por enfermidades como o mildiu para evitar a súa transmisión aos acios sanos. Os acios infectados non se deben deixar na parcela para evitar futuras contaminacións.

D.O. RIBEIRO

Estado fenolóxico medio:

Maduración (N). N é a fase na que se atopa a maioría das plantacións.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Non apareceron novas manchas de mildiu nos brotes novos. Non hai constancia da presenza de podremia gris (botrite).

Recomendacións da semana:

Non se recomenda a aplicación de ningún produto fitosanitario. Deberase manter a vixianza do cultivo e executar as operacións que faciliten a aireación dos acios.

D.O. VALDEORRAS- RIBEIRA SACRA e MONTERREI.

Estado fenolóxico medio:

Maduración (N). N é a fase na que se atopa a maioría das plantacións.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

As mesmas que no Ribeiro.

Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.



PATACA

NA COMARCA DA LIMIA

As condicións meteorolóxicas foron de estabilidade: ausencia de precipitacións e temperaturas medias aproximadas a valores de 20 °C. As previsións contemplan que as temperaturas se manteñan próximas ás da semana pasada.

A maioría da superficie do cultivo na comarca da Limia atópase na fase MADURACIÓN de tubérculos. A variedade *kennebec* xa completou o ciclo produtivo, con parcelas nas que xa se iniciou, de xeito aillado, a recollida.

Recomendacións da semana: non se recomendan tratamentos de produtos fitosanitarios.

HORTA

NA COMARCA DA LIMIA

CEBOLA

Fenoloxía:

data de transplante: marzo/abril. RECOLLEITA.

data de transplante: maio. Caída ou pescozo blando (I). Fase final do estadio I.

Recomendacións:

Na cebola a partir do estado fenolóxico I recoméndase suspender o rego para que o bulbo *madure*. Non se recomendan tratamentos de produtos fitosanitarios.

REPOLO:

Fenoloxía: formación de cogollo.

Recomendacións: as mesmas que na semana pasada. Non se recomenda ningún tratamento contra o mildiu. No caso de ter controlada a poboación de eirugas defoliadoras gracias aos tratamentos feitos na semana pasada non se recomenda facer un novo tratamento insecticida para controlar esta plaga. Continúan as capturas de adultos de eirugas defoliadoras.